

Examinado o informe proposta asinado pola xefa de sección de Benestar Social, Igualdade e Xuventude con data 05/08/2021 e que literalmente transcrito di:

“Dende a Concellería de Benestar Social convocáronse as becas de comedor escolar e de axudas á escolarización para o curso 2021-2022 coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades dos menores a cargo de familias con escaseza de recursos económicos.

As bases correspondentes foron aprobadas polo Pleno da Corporación o pasado 24/06/2021.

Ditas bases publicáronse no BOP e no taboleiro de Edictos do Concello o día 30/06/2021.

Con data 06/07/2021 publícanse as convocatorias no BOP, abríndose un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria (BDNS 573011), rematando o prazo o día 20/07/2020.

Unha vez revisada a documentación que acompaña ás solicitudes presentadas, propónse á concelleira delegada de Benestar Social, que acorde o seguinte:

- 1.- Aprobar as listaxes provisionais de solicitantes admitidos/as e excluídos/as para as becas de comedor escolar (Anexo 1) e axudas á escolarización (Anexo 2) para o curso 2021/2022, que se inclúen nas taboas que se xuntan (Anexos 1 e 2).
- 2.- Publicar as mesmas no taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello.
- 3.- Abrir un prazo de subsanación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación das listaxes provisionais.”

Examinada asimesmo a documentación que o acompaña,

**Decreto.-** Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

A Concelleira delegada da área de Benestar Social  
e Patrimonio Histórico

Dou fe,  
O Secretario xeral